

# Receitas de Familia



Estimadas familias :

Dende a Comisión de comedores de FOANPAS e o catering adxudicatario do servizo de comedor, gustaríanos convidarvos a participar no concurso “**Receitas de familia**” co que queremos unir anécdotas e relatos familiares con receitas de cociña que acompañen eses recordos.

Das nosas persoas maiores coñecemos a pertenza á familia. Por elas sabemos parte das nosas tradicións e moitas lembranzas das que aprendemos sobre o mundo.

Gustaríanos que compartades con nós esas receitas que se levan na memoria, que son típicas da familia, que nos recordan e saben a casa.

Para poder participar terás que ser usuario/a do comedor, solicitar a ficha de inscrición ós/ás monitores/as e unha vez cuberta terás que entregala no comedor ou enviala por correo electrónico a [comedores@foanpas.com](mailto:comedores@foanpas.com) do 12 ó 22 de abril.

Unha vez recibidas as receitas, un xurado formado pola Comisión de Comedores de FOANPAS e un/unha representante do catering elixirán un primeiro e segundo prato. Estes pratos elixidos entrarán a formar parte do menú do comedor e degustaranse o 24 de maio 2024 nos comedores da rede de FOANPAS.

Recomendacións: pregamos teñades en conta os ingredientes utilizados e a elaboración, para evitar produtos delicados que poidan fermentar como natas ou similares e que soporten ben o traslado, e así garantir todas as súas cualidades organolépticas. As receitas terán que ser sinxelas, tendo en conta o tempo dende que se cociña ata que se traslada e serve no comedor escolar.

As persoas familiares que participen poderán visitar o comedor e xantar xunto ó/á neno/a.

**ANÍMADEVOS A PARTICIPAR NESTA ACTIVIDADE TAN ENTRAÑABLE!!!**



## RECETAS DE FAMILIA FICHA DE INSCRICIÓN

**NOME DO CENTRO EDUCATIVO:**.....

- Nome e apelidos da/o familiar:.....
- Nome e apelidos da/o nena/o:.....
- Curso:..... Teléfono:.....
- Historia da receita, tradición ou lembranza familiar (breve descrición):  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

### RECEITA:

- Nome:.....
- Ingredientes para catro persoas:  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....
- Elaboración:  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

De conformidade co establecido nos artigos 6.1 e 11.1 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e no art. 2.2 da Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, AUTORIZO á FOANPAS e a ARUME a utilizar os datos aquí expostos coa fin de xestionar e promocionar (redes sociais) o concurso "Recetas con historia". A/o participante declara baixo a súa responsabilidade que os datos consignados na solicitude son certos, comprometéndose a comunicar calquera variación dos mesmos.

ACEPTO